

# CADA 18 SEGUNDOS UNHA MULLER É MALTRATADA NALGÚN LUGAR DO MUNDO...

**Unha muller é asasinada a tiros polas costas en Granada**  
*La Voz de Galicia, 01-01-06*

**Unha muller morre afogada en Marbella no segundo episodio de violencia doméstica de 2006.**  
*El Mundo, 02-01-06*

**Un recluso de permiso mata á súa ex muller en Palma.**  
*La Voz de Galicia, 06-01-06*

**A moza de Baiona morreu desangrada tras recibir golpes e catro puñaladas.**  
*La Voz de Galicia, 20-01-06*

Estes só son algúns dos casos que están a suceder arredor de nós, aínda que non sexamos suficientemente conscientes. Vemos os datos de forma numérica: unha muller morta a mans da súa parella, outra ás do seu "ex", e outra máis e outra... E non nos decatamos de que cada muller ten unha historia, un nome, unha vida, unha familia...e todo se acaba así nas mans dun desgraciado que moito te quixo...Pero logo todo cambiou, empezaron as discusións, os insultos, as malleiras cada vez máis frecuentes; pero sempre pensas que non volverá acontecer, pensas que cambiará, que só foi un momento de cólera....e non se pon a denuncia, sempre se repite a mesma historia.

Os agresores soen ser "persoas" do entorno próximo a vítima. Non hai un prototipo claro de agresor, nin de muller maltratada. En moitos destes casos o agresor considérase unha persoa "normal", sociable e do que ninguén espera algo semellante, aínda que nalgúns casos o individuo xa tiña unha orde de afastamento, polo que os seus achegados xa o esperaban.

As persoas do seu entorno unhas veces descoñecen a situación na que esta se atopa, e outras coñecen a realidade, pero non fan nada ao respecto por medo ao agresor ou porque consideran que "iso non é o seu problema". En cambio o que deberían era denunci-lo, ou convencer á vítima de que esta o fixese. Aínda que raramente a denuncia é a forma máis eficaz de combater o maltrato, xa que necesítanse moitas probas, os xuízos son lentos e as ordes de afastamento non son cumpridas.

A sociedade debería ter unha actitude máis activa, xa que o problema non é só da vítima, senón que é de to-

dos. Todos podemos ser esa vítima algún día, así que debemos loitar contra a violencia de xénero e os abusos sexuais; xa que por pertencer ao xénero feminino non temos por que aguantar todo iso, non debemos permitir que ninguén nos asoballe, porque todos somos iguais e ningún xénero debe impoñerse por enriba do outro.

Dende aquí queremos facer un chamamento a todas esas mulleres que sofren os abusos dunha cultura machista e violenta, dicirlles que loiten por elas mesmas, que non teñan medo e que fagan valer os seus dereitos!!!!

NURIA, CRIS E MARTA S4A

